



NOTIFICACIÓN

Poño no seu coñecemento que a Sra. Alcaldesa-Presidenta, o día 9 de outubro de 2015, dictou o seguinte:

“D E C R E T O

Polo presente, no uso das atribucións establecidas no artigo 21.1.c) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/03, do 16 de abril, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; no artigo 61.1.c) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; e no artigo 41.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a dispoñer:

PRIMEIRO.- CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FORCAREI, a celebra-lo vindeiro **DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2015, XOVES**, que terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello as **DOCE HORAS (12,00 horas)** en primeira convocatoria e dous días despois, en segunda, entendéndose convocada automaticamente.

SEGUNDO.- Comuníquese ós concelleiros da Corporación de Forcarei, pónase a súa disposición o expediente da sesión e cúmplanse tódalas determinacións vixentes na materia, segundo o artigo 81 do R.O.F.

De conformidade co disposto no artigo 12.1 do R.D. 2568/86, do 28 de novembro, deberase comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, na Secretaría do Concello.

A sesión celebrarase co arreglo ó seguinte:

ORDE DO DIA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 30/07/2015, 28/08/2015, 11/09/2015 e 24/09/2015.
- 2.- Dación de conta de resolución e decretos da Alcaldía.
- 3.- Corrección de Modificación de Crédito nº 3/2015.
- 4.- Acordar a baixa da Escola de Música no Rexistro da Xunta.
- 5.- Dación de conta de despido laboral.
- 6.- Delegación, na Exma. Deputación provincial de Pontevedra (O.R.A.L.) da xestión e recadación das sancións de tráfico.
- 7.- Mocións:
 - 7.1.- Moción do PSdeG- PSOE, sobre a marcha estatal contra as violencias machistas de 07/11/2015.
- 8.- Rogos e preguntas.

Forcarei, 9 de outubro de 2015.
A SECRETARIA.-

Asdo: Mª Elena Sueiro Fernández



SRES. CONCELLEIROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO
CONCELLO DE FORCAREI